



Información para o alumnado que ten que facer o blog:

Debedes conectarvos ca vosa conta de google a **BLOGGER**.

Para iso, abrimos a páxina <http://www.google.es> e facemos clic na cuadrícula que aparece rodeada en vermello na seguinte imaxe:




Aparece un menú de aplicativos desplegable no que nos deslizaremos ata atopar blogger.



Facemos clic co rato na icona que está marcada en vermello

Se previamente xa estabamos conectados á nosa conta de google, levaranos á seguinte páxina: (No caso de que non apareza a seguinte páxina, irá a outra na que nos pide que iniciemos sesión).



Aquí facemos clic en Novo blog... e aparecerá unha ventana como a seguinte:

Lista de blogs > Crear un novo blog

Título

Enderezo

Por exemplo, onovoenderezodomeublog.blogspot.com

Tamén podes engadir un dominio personalizado máis tarde.


Tema



Contempo




Soho



Emporio



Notable



Esencial



Simple

Máis tarde poderás ver outros temas e personalizar o teu blog.

Crear blog!

Cancelar

Poñemos un título no que debemos incluír a palabra noticias. En enderezo poño tamén algo que teña que ver cos contidos que vou publicar no meu blog. Olo co que poño aquí porque vai ser o que forme parte da URL que tedes que poñer na folla de cálculo que comparto con vos máis abaixo.

Escollemos un tema e xa podemos comenzar a face publicacións no blog.

Para o mércores 13/5/2020 debe haber como mínimo unha publicación no blog relacionada co tema que se vos asigna na táboa seguinte.

A publicación debe ser unha noticia que poidades contrastar en máis dun medio. Debedes revisala en polo menos 3 ou 4 medios informativos diferentes, como poden ser calquera tipo de prensa, radio, TV, revista, web...

Ó final da vosa publicación engadiredes os enlaces ás páxinas de onde sacastes á información ou se é en papal ou por outro canle diferente citaredes o medio en cuestión.

A noticia debe ter un titular, unha entradilla (soen ser 4 ou cinco liñas que van entre a noticia e o corpo) e o corpo da noticia. Ademais deben ir acompañadas de algunha imaxe. No caso de que atopedes algún vídeo tamén se admite.

Na táboa seguinte pónovos os temas que tedes que tratar no blog esta semana.

Nombre	Sección
Fernández Lago, Lucía	Internacional
Fernández Lago, Simón	Saúde
González Trillo, Laura	Nacional
Lado Lestón, Pablo	Local
Martínez Uhía, Guillermo	Sociedade
Mayo Cantariño, Ramón	Ciencia
Romero Barreiros, Gabriel	Deportes
Romero Caramés, Iker	Economía
Uhía Lado, Carlota	Literatura
Zubiela Núñez, Iria	Música

Aquí pónovos un enlace á folla de cálculo onde tedes que poñer a URL do voso blog. Tamén a compartín a través do correo electrónico.

[Folla de cálculo para escribir a URL do blog](#)